



RESOLUCIÓN PROVISIONAL do 25 de outubro de 2019, pola que se fai pública a relación de centros premiados conforme ao disposto no apartado 8 da Resolución do 9 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca o Premio Proxecta de Innovación Educativa 2019 para os centros docentes públicos admitidos no Plan Proxecta durante o curso escolar 2018/19.

Centros premiados na categoría A:

- 1º premio: CEIP Plurilingüe Frián-Teis (Vigo - Pontevedra)
- 2º premio: CEIP Heroínas de Sálvora (Ribeira – A Coruña)
- 3º premio: CPI Plurilingüe Laureano Prieto (A Gudiña - Ourense)
- Accésit: CRA de Ribadumia (Ribadumia - Pontevedra)
- Accésit: CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño (Rubiá – Ourense)

Centros premiados na categoría B:

- 1º premio: IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia - Ourense)
- 2º premio: IES Carlos Casares (Vigo - Pontevedra)
- 3º premio: IES Santa Irene (Vigo - Pontevedra)
- Accésit: IES 1º de Marzo (Baiona - Pontevedra)
- Accésit: IES de Ponte Caldelas (Ponte Caldelas - Pontevedra)

Esta publicación abre un prazo de cinco días hábiles para realizar reclamacións ou alegacións, as cales se poderán presentar no rexistro único da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, edificio administrativo de San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou noutro rexistro propio ou concertado conforme o Decreto 164/2005, do 16 de xuño, así como por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ademais de utilizar esta vía, solicítase que adianten unha copia escaneada destas reclamacións ou alegacións ao enderezo electrónico planproxecta@edu.xunta.es co obxecto de axilizar este proceso.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2019

O presidente da comisión de selección

Juan Carlos Varela Vázquez

Subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado

